

20 **MÚSICA** **VIVO**
NÚMERO 6
MAIO 2010



TRIÁNGULO DE AMOR BIZARRO

**ESPIRITO POSITIVO PARA
UN NOVO DISCO TURBIO**

XUNTA DE GALICIA

**FESTIVAIS DE VERÁN * BONOVO * UN DÍA CON ANXO LORENZO
RADIO OCÉANO * DR. GRINGO E LINK WRAY * RUXE RUXE * PUB GATOS**

www.agadic.info



SUMARIO

4 SETE DE SETE

Así ven os concertos Tony Lomba, Calia (Belôp) e Carlos Vidal (Portrait)

6 FESTIVAIS DE VERÁN

As citas estivais dun ano marcado polo Xacobeo 2010

10 DETRÁS DA CANCIÓN

Óscar Fernández (b0n0v0) extrae sons psicodélicos da súa zanfona

12 UN DÍA CON ANXO LORENZO

O gaiteiro abre as portas do camerino na presentación do seu último disco

14 A MÁQUINA DO TEMPO

Un merecido tributo a Radio Océano, pioneiros do rock e do punk en Galicia

16 TRIÁNGULO DE AMOR BIZARRO

Nova formación, novo disco e nova filosofía para os reis do *indie* estatal

19 TESOUROS SOTERRADOS

A guitarra árida de Link Wray, por Martín Esturao, de Dr. Gringo

20 NAS TENDAS

Os discos galegos que se escoitarán este verán

21 O DISCO QUE ME CAMBIOU A VIDA

Un clásico do punk dos oitenta marcou a Vítuco Neira, de Ruxe Ruxe

22 A SALA

A movida de Melide vista desde a barra do Gatos

AO VIVO Música é unha revista de información e promoción da música galega que se distribúe de xeito gratuito en locais da Rede Galega de Música ao Vivo.

EDITA: Axencia Galega das Industrias Culturais.
Consellería de Cultura e Turismo

PRESIDENTE: Roberto Varela Fariña

DIRECTOR: Juan Carlos Fernández Fasero

COORDINACIÓN: Ana Miragaya, Ana Rosales

PRODUCCIÓN E TEXTOS: Eme2 Emoción&Arte

ACHEGA DE CONTIDOS: Agaphono (Asociación Galega de Productoras Fonográficas), AGEM (Asociación Galega de Empresas Musicais), Clubtura (Asociación Galega de Salas de Música ao Vivo)

COLABORAN NESTE NÚMERO: Martín Esturao, Vítuco Neira.

REVISIÓN LINGÜÍSTICA: Reverso

DESEÑO E MAQUETACIÓN: Logoferoz

FOTOGRAFÍAS: Janite, cesións de grupos e arquivo da AGADIC

AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais



XACOBEO 2010
Galicia



XUNTA
DE GALICIA

Impresión: Litonor

Tiraxe: 7.000 exemplares

ISSN: 1888-6191 / D.L.: C 692-2008

agadic@xunta.es | www.agadic.info
www.musicaovivo.info



Carlos Vidal

VOZ E GUITARRA DE PORTRAIT

1 Cal foi o primeiro concerto ao que fuches?

Un que deron os Dire Straits no estadio de Balaídos [Vigo, o 21 de agosto de 1992].

2 En que concerto decidiches que o teu era estar encima do escenario e non só na platea?

Seguramente xa nese mesmo dos Dire Straits.

3 Ademais dos teus, cal foi o mellor concerto ao que asistiches?

Hai pouco, un dos Kings of Convenience, de Noruega, no Teatro García Barbón de Vigo [no mes de setembro do 2009].

4 A que concerto da historia da música che gustaría ter ido e non fuches?

Ao dos Beatles en Madrid [o 2 de xullo do 1965, na praza de touros de Las Ventas].

5 Que che gustaría facer en directo que aínda non fixeses?

Probablemente, tocar cunha orquestra.

6 Que actuación túa recordas con especial cariño?

Os tres concertos que demos en Portugal. Os portugueses son moi amables e un público moi atento.

7 E cal foi a máis desastrosa que tiveches?

Unha vez, en Carballo, tocamos un pouco tarde, e Antón, do pub Siffo, deunos ben de beber, e pasou o que pasou.



Calia

BATERÍA DE BĚLOP

1 Cal foi o primeiro concerto ao que fuches?

Somos unha xeración con grandes problemas de memoria, coa televisión e internet, e xa nos custa recordar o que xantamos hoxe, pero debeu ser algún a principios dos noventa. Probablemente, un de rock bravú galego e de todo o movemento do Xabarán Club, con Silvia Supersstar, que nos tiña e nos ten tolos.

2 En que concerto decidiches que o teu era estar encima do escenario e non só na platea?

É algo complexo, hai persoas que proban o escenario e non lles gusta, pero penso que no noso caso foi como unha droga a sensación da primeira actuación. Foi de lonxe mellor que perder a virxindade.

3 Ademais dos teus, cal foi o mellor concerto ao que asistiches?

Moitos do Festival do Norte, ou algún dos Hives ou dos Arctic Monkeys. Estase programando bastante ben ultimamente, non sei se pola evolución da industria cara aos directos, pero o que está claro e que están agromando moitos festivais e que cada vez máis se aposta polos grupos noveis.

4 A que concerto da historia da música che gustaría ter ido e non fuches?

A calquera de *proto punk*, eses si que eran eventos!

5 Que che gustaría facer en directo que aínda non fixeses?

Pensamos que para facer cousas xeniais non hai que ter sempre demasiado diñeiro, é máis ben algo que ten que ver coa imaxinación. Só hai que vir a un dos nosos concertos para velo. Sería increíble descender nun zepelín ata o escenario, ter unhas luces brutais ou conseguir un Delorean-máquina do tempo, para acabar o bolo marchando ao ano 1600 a.C.

6 Que actuación túa recordas con especial cariño?

A primeira vez que tocamos na Iguana, en Vigo, foi increíble. Comprendemos por que lle chamaban o templo do *rock and roll*. Pero unha das actuacións máis completas a todos os niveis foi en Santander, na sala Savoy; foi unha actuación bíblica. Tamén en Arzúa este ano, ante máis de mil persoas, foi algo faraónico, que aínda provoca que nos trema o pulso.

7 E cal foi a máis desastrosa que tiveches?

Hai bastantes anécdotas e moi variadas, como quedar sen luz en medio da actuación, romper cordas, ir a un concerto sen baquetas... Pero sempre resolvemos botándolle morro e conectando coa xente. Se realmente a xente esta enchufada xa pode explotar un amplificador que un sae do paso.



Tony Lomba

CANTANTE E 'SHOWMAN' TOTAL

1 Cal foi o primeiro concerto ao que fuches?

Daquela os grupos que facían concertos de xeito regular eran de *heavy rock* principalmente: Barón Rojo, Obús, Leño... Tiñamos que ir a velos ao pavillón de Pontevedra desde Vigo, e era toda unha travesía. Recordo un dos primeiros concertos en Castrelos, en Vigo, con Mermelada. Era fantástico ver ao vivo aquilo co que antes fliparas vendo *Popgrama* na televisión.

2 En que concerto decidiches que o teu era estar encima do escenario e non só na platea?

Xa me ocorría vendo as películas en sesión de tarde os sábados, cousas como as que facía

Raphael en Acapulco. Agora é cool, pero antes chamábanme hortera. Aínda que xa daquela non me importaba.

3 Ademais dos teus, cal foi o mellor concerto ao que asistiches?

Cando estivo o grandísimo Frank Sinatra no Vicente Calderón [Madrid], no 1986. Foi grandioso. Estaba rodeado de guiris, e cando a xente cantaba as súas cancións, eu facíao en *wachu-wachu*. Fun só, e pasei unhas horas increíbles.

4 A que concerto da historia da música che gustaría ter ido e non fuches?

A un do Rat Pack, con Sinatra, Dean Martin e Sammy Davies Jr., en Las Vegas; ou a un de Elvis

Presley en Hawai, ao festival de Woodstock... Son tantos!

5 Que che gustaría facer en directo que aínda non fixeses?

Non me chegaría un tomo da Larousse para enchelo coas ideas que pasan pola miña cabeciña. Cando tocamos en Castrelos como Unión Penosa metéuseme no coco levar unha grúa e comezar o concerto facendo *puenting*, antes de que tal cousa se coñecese, e caer sobre a xente. Pero era moi complicado e caro, e prohibíronmo por razóns de seguridade.

6 Que actuación túa recordas con especial cariño?

Teño unha mancha delas, pero alá polo ano 1995, no festival

Alén da Illa de Arousa, tocando con Los 3 Sudamaricones, despois de Hechos Contra el Decoro e antes de Dover, foi apoteósico. Teño tanto do concerto como da xente da zona un recordo que morrerá comigo.

7 E cal foi a máis desastrosa que viviches?

Foi nunha discoteca *bakalao*. Imaxina, dúas acústicas e en tanga ás catro da mañá ante un grupo de trinta malotes... Como o meu é improvisar, a cada piro-piro deles respondía cunha serie de adxectivos cara á familia do piropeador. É o poder de quen ten o micro, non necesitas ser un histérico para taparlle a boca a un imbécil. Se non sabes estar, marcha a outro lado!

O VERÁN MÁIS



COMEZA A TEMPORADA DE GRANDES CITAS MUSICAIS EN GALICIA, NUN 2010 MARCADO POLO XACOBEO E OS GRANDES NOMES GALEGOS E INTERNACIONAIS

O maratón de festivais comezou xa. A saída marcouna na última fin de semana de abril o Festival do Norte, encabezado este ano por Los Planetas, que practicamente estrearon en Vilagarcía o seu novo disco, *Una ópera egipcia*. Nada Surf, JJ, Pete & The Pirates, La Bien Querida, Emilio José, El Guincho, Los Punsetes ou Carrero Bianco conformaron o cartel dos dous días que durou a cita. Este ano, o Festival do Norte integrábase dentro do programa Galicia Ao Vivo, unha iniciativa do Xacobeo que tamén apoia o 981, o Cultura Quente, o FAX, o Festival de Jazz de Lugo, o Festival dos

Abrazos, o Reperkusión de Allariz, o Sinsal, o Jazz&Blues de Pontevedra, o Lolapop, o Microfest e o Marisquiño vigués.

Xa funcionando está o Sinsal, un concepto distinto ao convencional: nin se celebra nunha serie de datas concentradas, nin nun espazo único. De feito, as súas convocatorias véñense sucedendo desde abril, coas actuacións de artistas como Lisa Germano, Philip Selway, Oneohtrix Point Never, Juana Molina ou Kukusyoku Sumire en Vigo e en Santiago. Quedan por chegar aínda Vashti Bunyab (Salón Teatro, Compostela, 12 de maio), os esperados Shellac

do produtor Steve Albini, Oren Ambarchi, Omar Souleyman e Phill Niblock and Katherine Liberovskaya, entre maio e setembro. O Sinsal caracterízase pola súa aposta por artistas contemporáneos e moitas veces non tan fáciles de atopar nas citas de verán habituais.

Dentro do ámbito electrónico, o 2010 verá unha circunstancia inédita no panorama festivo español: o prestixioso Festival Internacional de Música Avanzada e Arte Multimedia Sónar celebrárase por primeira vez en dúas cidades, en Barcelona, a súa localización habitual, e na Coruña,

FESTIVAL LEIRO



O GUITARRISTA ESCOCÉS MARK KNOPFLER, ANTIGO LÍDER DOS ACLAMADOS DIRE STRAITS, ACTUARÁ O DÍA 28 DE XULLO EN SANTIAGO DE COMPOSTELA



ELVIS COSTELLO, 'ENFANT TERRIBLE' DA NOVA ONDA DE FINAIS DOS 70 E MÚSICO EN CONSTANTE EVOLUCIÓN, VISITARÁ A CAPITAL DE GALICIA O DÍA 27 DE XULLO



OURENSE RECIBIRÁ O 24 DE XUÑO A VISITA DO ESTADOUNIDENSE CHRIS ISAAK, QUE VÉN PRESENTANDO A SÚA ÚLTIMA EDICIÓN, O DISCO 'MR. LUCKY'



LCD SOUNDSYSTEM, ANBB, HOT CHIP, O.M.E.G.A. E O DJ SASHA ESTÁN ENTRE AS ATRACCIÓN DA RAMA GALEGA DO FESTIVAL SÓNAR, QUE SE LEVARÁ A CABO NA CORUÑA ENTRE OS DÍAS 17 E 19 DO MES DE XUÑO

onde chegará da man do Xacobeo entre o 17 e o 19 de xuño e co nome de Sónar Galicia. O programa da parte galega é un reflexo do espírito que fixo grande á cita catalá, coa súa mestura de grandes nomes e músicos experimentais, atendendo tamén á creación máis próxima. Ademais de cabezas de cartel aclamados como LCD Soundsystem, Hot Chip ou Air, ben coñecidos dentro da esfera alternativa, está confirmada a presenza de creadores como o dj británico Sasha, produtor e remesturador de Madonna, Chemical Brothers ou Depeche Mode; o catalán Cauto; a galega Eme DJ; ou Caradeniño DJ. Tamén estarán na Coruña o proxecto anbb (Alva Noto+Blixa Bargeld), Fake Robotique ou a Orquestra de Música Espontánea de Galicia (O.M.E.G.A.).

Outro dos festivais centrados na música electrónica que apoiará o Xacobeo esta temporada é o 981, unha das últimas citas do ano, a celebrar no Playa Club da Coruña o 16 de outubro. Os seus responsables están traballando na conformación do cartel, que contará con máis dunha ducia de artistas en catro escenarios.

Rock e folk

Na mesma fin de semana do Sónar, os amantes do rock teñen que marcar no calendario o Festival Alternativo da Xuventude (FAX), establecido xa en Ourense, unha cidade na que fará tres anos despois dos seus comezos en Xinzo. Con Barricada e Muchachito Bombo Infierno á cabeza do programa, as datas están fixadas para o 18 e o 19 de xuño. Mentres, no Poio Pop actuarán o 10 de xuño grandes nomes do indie



ALGUNHAS DATAS DESTACADAS

- Do 17 ao 19 de xuño:
Sónar Galicia, A Coruña.
- 18 e 19 de xuño:
Festival Alternativo da Xuventude, Ourense.
- Do 8 ao 11 de xullo:
Festival de Ortigueira.
- 16 e 17 de xullo:
Festival Cultura Quente, Caldas de Reis.
- Do 21 ao 25 de xullo:
Festival de Jazz&Blues, Pontevedra.
- Todo o mes de agosto:
Festival dos Abrazos, Santiago de Compostela.
- Do 6 ao 8 de agosto:
Marisquiño, Vigo.
- Do 17 ao 19 de setembro:
Reperkusión, Allariz.

español como Lori Meyers, Delorean ou La Habitación Roja.

Entre o 8 e o 11 de xuño vai celebrarse o que cada ano é un dos momentos fundamentais da vida musical galega: o Festival de Ortigueira. De momento, a organización confirmou a presenza do histórico grupo escocés Shooglenifty e dos bretóns Kreposuk. Aínda en elaboración está o cartel da duodécima edición do Cultura Quente, que chegará á carballeira de Caldas de Reis os días 16 e 17 de xullo.

Unha semana despois celebrárase en Pontevedra o Jazz&Blues, outra referencia para os amantes deste tipo de músicas. Centrada nestas dúas músicas de raíz americana, leva organizándose desde o ano 1993, e, nesta ocasión, ocupará rúas e prazas da cidade do Lérez entre o 21 e o 25 de xullo. Co mesmo gusto polo jazz, xa contra o final de ano, Lugo acollerá o seu histórico Festival de Jazz. A cita, que tamén ten aínda por pechar o cartel e as datas (sempre se celebra arredor do mes de novembro), fai vinte anos con mellor saúde que nunca. Complétase o mes con citas como o Nordestazo de Malpica (día 17) *hardcore*ta Resurrection Fest de Viveiro (29 ao 31, con Lagwagon como cabezas de cartel)

Agosto será, coma sempre, a época festeira por excelencia. No que toca á música, varias son as alternativas a barallar. O Festival dos Abrazos, por exemplo, xunta nunha soa programación as múltiples actividades artísticas que se organizan en Santiago de Compostela durante o mes, este ano en plena temporada alta no que se refire á recepción de peregrinos. Entre

os días 6 e 8, Vigo acollerá unha proposta novidosa, o Marisquiño, que combina música, arte e deporte urbano no mesmo espazo: skate e break dance, ciclismo, hip hop e graffitti. Tamén é agosto a época na que se leva a cabo o íntimo festival Lola-pop, en Ponte Caldelas, que habitualmente elabora carteis marcados polo indie pop, e que se celebra a finais de mes. Ademais, neste mes celébranse dúas de festas e congregacións variadas, como o Festival Independente de Vilalba (día 21, con Love of Lesbian ou Estereotipo).


Xa para setembro (os días 17, 18 e 19) queda a gran verbena circense que é o Reperkusión, en Allariz. Na páxina web do festival poden anotarse aínda os grupos e artistas interesados en participar, xa que o cartel está en plena elaboración. E novembro será o momento para outra convocatoria clásica, o Microfest, que xunta en Santiago de Compostela, contra mediados de mes, a varias figuras do hip hop.

Grandes nomes

A celebración do Ano Santo concentrará actuacións de grandes nomes galegos e internacionais durante os meses de xuño, xullo e agosto. Por exemplo, o estadounidense Chris Isaak, herdeiro de Roy Orbison, presentará disco en Ourense o 24. Xa en xullo, Luz Casal volverá a Compostela (día 22) coas súas cancións máis populares, e o matrimonio formado por Elvis Costello e Diana Krall estrearán traballos tamén na capital (27). Mark Knopfler será un dos pratos fortes da temporada co seu concerto santiagués (28).

COLGADOS DE ARRIBA A ABAIXO, PULPIÑO VIASCÓN,
ROBERTO GRANDAL E ÓSCAR FERNÁNDEZ, OS BÓNOVO





O RONCÓN CÓSMICO

O zanfonista **Óscar Fernández** emprega efectos e procesadores dixitais para arrincar dun instrumento de deseño medieval sons da era espacial



n corpo que parece un animal encollido sobre si mesmo, unha manivela que fai soar dezasete cordas, un son hipnótico... A zanfona xa é por si un aparello fascinante para os leigos na materia. Nas mans de Óscar Fernández, integrante de grupos como bOnOvO ou Dúo Fernández e Quintá, é capaz de producir música da era espacial: filtrado a través de pedais de efectos e de procesadores dixitais, este aparello de ascendencia medieval crea, en palabras do seu manipulador, “liñas e melodías rítmicas con ambientes evocadores, delirantes, terroríficos...”.

“Eu creo que coa zanfona quixen probar todo o que non puiden de rapaz e todo o que vía daquela nos catálogos e nos escaparates, todos eses aparatíños tan bonitos”, di Óscar Fernández. Hai sete anos, despois de pasar por varios instrumentos (“moitos deles nin eran meus”, desvela), caeu nas súas mans unha zanfona cun sistema de amplificación por canais separados. Aí foi cando empezou a fedellar cos efectos, e despois, con bOnOvO, a poñelos sobre as táboas e en gravacións entre o tradicional e o psicodélico.

“O *delay* [un efecto que repite como en eco o que se vai tocando] é un dos meus preferidos”, explica Fernández, “gústame escoitar unha melodía ligada perseguida no tempo por ela mesma. Tamén emprego simulacións de distorsións e, por suposto, filtros variados. Tamén teño un par de modelos de *looper* [que gravan un fragmento de música e o repiten en bucle]. Son moi divertidos á hora de improvisar”.

Un aparello caro e difícil

Xa non é fácil facerse cunha zanfona (é un instrumento caro, difícil de construír e de conseguir), para canto máis cunha como a que usa Óscar Fernández, “deseñada nos anos oitenta nunha feliz colaboración entre o artesán Denis Siorat e o zanfonista Valentín Clastrier. Está pensada para ser amplificada illando o mellor posible as diferentes fontes de son que saen dela, as melodías, os bordóns, as cordas rítmicas, as cordas de resonancia, a propia caixa, e para tratar e manipular por separado cada un deses elementos. Sen enchufar ten un son bastante pobre”, advirte. O seu traballo, conta, foi adaptar o instrumento para que os efectos consigan o que se busca

deles: “Tiven que ver de mesturar e dirixir esas fontes de son que ten a zanfona, e de equalizar con xeito e con efectividade os efectos, porque en directo non pode haber moitas dúbidas. Xa cheguei a moitas conclusións, pero aínda me quedan outras tantas, con dezasete cordas hai moitas combinacións posibles”, di.

Hai en Europa varios conxuntos coa súa mesma querenza polo antigo filtrado pola modernidade, conta: “O suecos Hednigarna, nos setenta os franceses Malicorne... Agora e coa zanfona hai uns cantos franceses que experimentan sen prexuízos con todo tipo de técnicas: Gilles Chabenat foi un dos que máis me influíu, e tamén Stephane Durand, de Cosmic Drone. Con ese nome xa se pode imaxinar de que vai a cousa, Roncón Cósmico!”.

Óscar Fernández valora tamén moito o que el chama “a opción acústica. É unha delicia tocar para unha audiencia sen que nada máis que o aire te separe dela, sempre que haxa silencio. Para iso está a miña zanfona número 2, a acústica, sen efectos dixitais nin electricidade. Como se unha zanfona non tivese abondo trucos gardados dentro!”.



UN DÍA CON:

ANXO LORENZO

FOTOGRAFÍAS: JANITE

O gaiteiro moañés Anxo Lorenzo presentou a finais do pasado mes de marzo o seu novo disco, *Tirán*, sobre o escenario do Salón Teatro compostelán. Era esta a segunda das citas do ciclo ST Música Presente, que a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) presenta como plataforma para dar visibilidade a traballos discográficos singulares no panorama galego.

Tirán é o último traballo en solitario de Lorenzo, un vampiro musical que non dubida en botar man do pop, do rock, da música electrónica ou do jazz para darlle un toque especial ás súas composicións. Despois de percorrer teatros e festivais de todo o mundo colaborando con outros artistas, o seu proxecto en solitario consolídase con estes once cortes.

Foto de familia: a banda no camerino





◀ Dous paxaros dun tiro: o concerto serviu para gravar un videoclip

▲ As gaitas, materia prima da música de Lorenzo

◀ Proba de son para deixalo todo listo

De camiño ao restaurante para repoñer forzas
▼

◀ Cordas, percusión, fol inchado... o grupo ao vivo!



A MÁQUINA DO TEMPO

NO RONSEL DE

RADIO OCEANO

★

MÚSICOS DE DISTINTAS XERACIÓNS HOMENAXEARON CUN CONCERTO TRIBUTO AO SEMINAL GRUPO CORUÑÉS, QUE SE REUNIU PARA A OCASIÓN DESPOIS DE MÁIS DE VINTE ANOS

Tan punks que debutaron ante oito mil persoas con só oito horas de ensaio; tan chulos que foron capaces de deixar algunhas das súas mellores cancións fóra do clásico *Nin falta que fai* (RNE, 1986) para incluílas nun segundo disco que nunca se editou; tan desafiante que foron quen de renunciar a representar a España en Eurovisión no 1986 e a un contrato coa CBS porque o que querían era facer música, e non ser famosos. Eles eran Radio Océano; a cidade, A Coruña e os anos, os oitenta. Máis de dous decenios despois, músicos e representantes da cultura galega reuníronse en Santiago para

renderlles tributo, e eles, como non, estaban presentes.

Xosé Manuel Pereiro, xornalista de acreditado prestixio e decano do colexio profesional do ramo, era daquela Johnny Rotring, cantante da banda. “Nunca fomos uns punks de libro, tipo Exploited”, recalca. Os Radio Océano, polos que ademais pasaron Santiago Romero (tamén xornalista), Pablo Iglesias (que segue traballando en Bazán), Pablo Bicho (aínda músico), Dani Punta (hoxe vendedor de vinilos) ou Sito Evangelista bebían de fontes moi próximas ao *after-punk* e á onda sinistra da época no Reino Unido: “Escoitabamos a Psychedelic Furs e Virgin Prunes, pero tamén o power pop dos Romantics ou o rockabilly dos Stray Cats. Claro que eu era o cantante, e unicamente dicía isto apesta ou isto pres-

ta, sen meterme demasiado en como tocaban os músicos”.

Formados oficialmente no 1981, as gravacións dos seus directos devolven a imaxe dun conxunto contundente e provocador. “Era froito da época, e tamén de que os músicos andaban afinando seguido e eu tiña que encher os ocos dalgunha maneira”, di Pereiro medio en broma. Daquela, conta, Radio Océano tocaban “bastante, nas poucas salas que había e tamén para institucións e concellos, desde garitos a prazas de vilas. Non era raro ter mil ou dúas mil persoas de público. Como a *canção ligera* non se institucionalizara como alternativa xuvenil e popular, os programadores culturais querían ter un concerto como actividade paralela a unha mostra ou a un curso”.



ENTREVISTA PARA A TELE EN
AMBIENTE OCHENTEIRO



TOCANDO NUN FESTIVAL
PARA RADIO 3



DESAFIANTES E PREPARADOS
PARA SUBIR AO ESCENARIO

NEGÁRONSE A IR A EUROVISIÓN NO 1986, E ESTRAGARON UN CONTRATO COA CBS PORQUE O SEU NON ERA TRIUNFAR

O concerto do 22 de abril pasado, na sala Nasa compostelá, xuntou músicos e creadores como Antón Díaz e Fran Amil, dos Papaqueixos, Julián Hernández, de Sinistro Total, ou Uxía. Para rematar, os Radio Océano orixinais (Pereiro, Romero, Iglesias e Punta) subiron ao escenario, máis de vinte anos despois da súa separación.

A base desta homenaxe foi o *Nin falta que fai*, do que apartaron grandes temas como 'Hombre pálido' ou 'Narcisismo' –con letra de Lois Pereiro–, reservándoos para un segundo disco que nunca houbo. Explica Rotring que o álbum se gravou

“en Radio Nacional, en Prado del Rey, cun técnico moi hábil pero especializado en música clásica, sen ningún tipo de produtor ou enxeñeiro de son, e co horario pouco rockeiro de oito da mañá a tres da tarde. Os catro ou cinco días que durou o asunto chegábase ás doce, porque daquela a noite, e máis en Madrid, era moito máis interesante que o día, sobre todo porque a metade do grupo nunca estivera alá. O primeiro día romperon as baquetas, e como eu era o único que coñecía a cidade, fun por elas. Cando volví, os outros xa tiñan gravadas as bases todas, a un ritmo para min algo lento.

Sigo insistindo que o resultado é algo brando. Había maquetas, gravadas polos técnicos de Radio Nacional, pero na Coruña, moito máis fieis ao que eramos”.

Coa perspectiva que dá o tempo, comenta Pereiro, “sempre se ven os erros que se cometen, como darlle plantón a un representante a nivel estatal, ou dicir en plenas oficinas da CBS que nós non queríamos triunfar, senón facer a nosa música. Pero a maioría deles, de non comete-los, teríannos levado á profesionalización, un tanto arrastrados, e na miña profesión pensaba que tiña máis control do que podía facer”.

TRIÁNGULO DE AMOR BIZARRO

AÑO SANTO, *contador a cero*

FOTOGRAFÍAS: JANITE

Para os Triángulo de Amor Bizarro, *Año Santo* (Mushroom Pillow, 2010) é algo máis que o seu segundo traballo longo, despois dun fantástico debut no 2007. É unha especie de contador a cero tras duros meses de xira e promoción, que os levaron a notar síntomas de esgotamento creativo e persoal. Instalada agora nunha formación de cuarteto, a banda de Boiro, estandarte do *indie* galego máis ruidoso e visceral, séntese máis libre que nunca, ou iso conta o seu cantante, Rodrigo Caamaño.

Que vos levou a transformarnos en cuarteto para este traballo?

Realmente tanto o primeiro disco como as maquetas estaban pensados e gravados cunha formación de catro. O de estar tres durante a xira foi máis ben circunstancial, así que volver a sermos catro era o máis natural para nós, o que pasa que ata agora non atopáramos as persoas adecuadas.

Como son as sensacións agora, xa coa nova formación?

Fáltanos unha pouca de rodaxe agora ao comezo da xira, pero os directos son moito máis contundentes, e teñen máis matices. Podemos facer cousas que antes eran imposibles. Co disco novo temos máis

repertorio, e é algo que notamos moito. O primeiro álbum dura apenas media hora, e este un pouco menos, pero entre os dous creo que temos bastantes cancións que funcionan moi ben en directo. Agora podemos probar moitas cousas, facer concertos máis variados, tocar cancións que nos resultaba duro facer ben sendo tres.

Será moi difícil superar as críticas e a repercusión do voso primeiro traballo. Pa-decesteis iso que se chama o 'síndrome do segundo disco'?

Máis que síndrome, o que sufrimos foi esgotamento por estarmos tanto tempo xuntos e coas mesmas cancións. Aínda que o primeiro disco é do 2007, xa levabamos



bastante tempo con elas. A xira foi moi longa, e cando nos puxemos co segundo disco as relacións entre nós non eran as que debían ser para gozar facendo o que nos gusta, que é estar nun grupo, facer concertos, e cancións, e todo iso. Os ensaios non resultaban nin divertidos nin agradables, e temos moi claro que por riba de ter máis ou menos éxito o importante é estar contento co que fas. É unha cuestión de calidade de vida! Así que decidimos dalgunha forma separarnos e empezar de novo, xa que a relación entre nós estaba esgotada. Era imposible que nos saíra algo decente nesas circunstancias, e o último que se me pasa pola cabeza é facer un disco sen estar ao cen por cen convencido do seu contido, gravallo para saír do paso e xirar. Despois do verán, cando entraron Óscar [Vilariño, guitarra] e Rafa [Mallo, que substitúe na batería a Julián Ulpiano], recuperamos as ganas, puxémonos ao tema e nuns cantos meses de ensaios, disco listo!

E que esperades de *Año Santo*?

Con telo acabado e que nos guste moito o resultado xa é suficiente! É un paso adiante respecto ao primeiro, parécese máis á idea orixinal de Triángulo de Amor Bizarro, algo que ata agora non fomos capaces de plasmar tan ben.

É un álbum máis bailable?

Non necesariamente. O *single* de adianto, 'De la monarquía a la criptocracia', pode dar unha sensación equivocada. A verdade é que ningunha canción de *Año Santo* se pode tomar como exemplo de son para o conxunto. Hai que escoitalo enteiro,

“CANDO NOS PUXEMOS CO SEGUNDO DISCO AS RELACIÓNS ENTRE NÓS NON ERAN AS QUE DEBÍAN SER [...], ASÍ QUE DECIDIMOS DALGUNHA FORMA SEPARARNOS E EMPEZAR DE NOVO”

de golpe, está pensado así. É moi curto xustamente para iso. Queremos que a xente o escoite sen interrupcións. De todas formas, eu creo que a maioría das cancións poden funcionar ben soas, pero ningunha en concreto dá unha imaxe o bastante completa do conxunto.

Unha das vosas características son esas letras cheas de humor negro e de xogos de palabras retorcidos.

Supoño que é cousa da ría! A xente das Rías Baixas somos moi así, non?

De onde saen eses textos?

Eu intento falar do que coñezo, e da forma que sei. Intento que non resulten afectados, nin caer no academicismo barato e desde logo tampouco no populismo de moitas letras de grupos de pop españois. Polo demais, deixo que vaian xurdindo, sobre todo os temas. Forzarme a escribir non me vale de nada, sobre todo se non sei de que falar. Voulle dando voltas a ideas ao longo de días e de semanas mentres fago outras cousas, ata que saen. Despois, sento, e nun cuarto de hora como máximo fago a letra sen correccións. Logo nos ensaios vou corrixindo sobre a marcha, ou mesmo no estudio gravando.

Os títulos das cancións do novo disco prometen nese sentido.

Cos títulos buscamos un contrapunto ao tema da canción, completala. Xogando un pouco coa relación entre a letra e o título ás veces atopas significados que non pensaras nun principio. Algúns títulos illados poden carecer de significado, e a algunhas letras sen o título pode pasarlles o mesmo. Para nós o título é tan importante como calquera outra parte da canción.

Tedes un blog, trianguloamorbizarro.blogspot.com, no que os textos tamén son retorcidos e graciosísimos.





“DEPOIS DO VERÁN, CANDO ENTRARON ÓSCAR E RAFA, RECUPERAMOS AS GANAS, PUXÉMONOS AO TEMA E NUNS CANTOS MESES DE ENSAIOS, DISCO LISTO!”

Quixemos facer algo que se saíse un pouco do típico blog de promoción. Saíu de forma bastante espontánea, e colabora nel xente próxima ao grupo. En breve abriremos outro paralelo para tratar exclusivamente temas do disco e poder facer do que xa existe algo aínda máis libre, que teña relación co grupo, pero que este non sexa o eixe central da páxina. Temos moitas ideas, pero ao final sempre nos falta tempo!

Estivestes hai uns meses tocando en México. Como foi a cousa?

Pois moi ben. Mesmo diría que resultou increíble! Non pensabamos que fósemos tan coñecidos alí cando baixamos do avión. Ademais o público mexicano vive moito os concertos, se lles gustan demostráchanos, e se non tamén. Temos pensado volver co novo disco.

Contan os grupos que este verán vai ser duro porque hai menos festivais, menos cartos e, polo tanto, menos actuacións. Que tal o vedes vós? Nótase a crise nese aspecto?

Desde hai un par de anos xa se vén notando, paréceme a min. Máis que no público, creo que se cortou bastante a billa á hora de dar axudas a moitos festivais reducidos en pobos e cidades pequenas. Moitos dependían dun apoio dos concellos que agora non atopan. Non sei se a nós nos toca, creo que hai cousas que afectan

máis, como ter un disco recente ou unha determinada promoción.

Como vedes o estado da escena galega nos últimos tempos?

Agora hai unha cantidade de grupos como non houbo nunca, e de todos os estilos. Cando empezamos, non había case nada que me gustase. Agora podo dicir así, sen pensar, media ducia de grupos novos,

“NINGUNHA CANCIÓN DE ‘AÑO SANTO’ SE PODE TOMAR COMO EXEMPLO DE SON PARA O CONXUNTO. HAI QUE ESCOITALO ENTEIRO, DE GOLPE, ESTÁ PENSADO ASÍ”

como por exemplo Franc3s, Telephone Rouges, Anenome, SrasrSra, Carrero Bianco, Diadermin, CudeVaso... Pero hai moitos máis, e hai cinco anos había contestar que non me gustaba case ningún.

Que credes que falta, que cambiariades?

Falta apoio dos concellos para que as salas de concertos teñan a vida un pouco máis fácil. Fales con quen fales, todo o mundo conta que os concellos sempre están facendo presión con normativas e ameazas de peche. Por un lado, demonizan o botellón, ou como queiran chamalo agora, pero por outro pechan todas as alternativas. Por exemplo, que en Compostela non haxa unha sala de pequeno aforo con bo son, que programe regularmente grupos tanto de aquí como de fóra, cando é a cidade con maior poboación moza, paréceme increíble. Así é imposible que a xente se habitúe a ir a concertos, que é o que realmente fai falla para que haxa unha escena en condicións. Outra cousa, aínda

“SUPOÑO QUE O HUMOR NEGRO DAS LETRAS É COUSA DA RÍA. A XENTE DAS RÍAS BAIXAS SOMOS MOI ASÍ, NON?”

que isto xa é imposible, é o do horario dos partidos de fútbol. É algo co que non se pode competir de ningún xeito. O partido de liga dos sábados en *prime time* fai máis dano que calquera outra cousa. Hai anos retransmítíanos ás oito e media da tarde, e era bo para todo o mundo, menos para a televisión que emite o partido. Agora, con este horario, so é bo para a televisión. Non son anti fútbol, nin nada parecido, pero creo que hai formas de que convivan todo tipo de cousas sen que se pisen.

TESOUROS SOTERRADOS

LINK WRAY

Live in '85 (Big Beat – Ace, 1985)



Por MARTÍN ESTURAO, GUITARRISTA E CANTANTE DE DR. GRINGO



FOTO: JANITE

Xa van case cinco anos da morte en Copenhagen do guitarrista ao que se considera inventor do *power chord* da guitarra eléctrica moderna. Podería nestas liñas redactar unha lista interminable de temas, bandas e anécdotas relacionadas con Link Wray que de seu xa constituirían un bo artigo, pero o que quero é falar dun disco en concreto, o *Live in '85*, que teño entre os meus favoritos e que penso que retrata realmente a este mestre.

Hai máis de dous decenios estaba eu na casa dun amigo en Vigo, de resaca, ou acabados de chegar de marcha pola mañá, ou xa non me acordo de que. El meteu unha cinta no aparato VHS e saíu na pantalla o *rocker* máis salvaxe que eu vira na miña vida. Non era un deses guapiños de cara imberbe ou esqueléticos que se levaban daquela, era un tipo duro, cunhas gafas doutra época, coa súa cazadora de coiro e, sobre todo, cun son e unha actitude que te deixaban sen fala. Eu coñecía a Link Wray como guitarrista; sabía dos temas que o fixeran famoso, das gravacións antigas, pero nunca tivera oportunidade de velo tocar e cantar. Os artigos de prensa que lera sempre trataban do mesmo Link Wray, o innovador e creador de himnos que todos temos na cabeza ('Rumble', 'Raw-Hide', 'Jack the Ripper', etcétera), e da súa gran influencia para todo tipo de guitarristas posteriores.

Eu quedo co Link deste 12 polgadas, cantante e guitarrista, todo nun. Anos despois souben que lle faltaba un pulmón, e que o médico lle recomendara non cantar. Menos mal que non lle fixo caso! A min influíronme outros guitarristas e outros cantantes, pero no momento en que escoitei a Link Wray co seu trío neste directo tiven claro o que quería ser de maior.

MARTÍN ESTURAO É GUITARRISTA E CANTANTE DE DR. GRINGO, UN GRUPO COMPOSTELÁN QUE REPRODUCE O ROCK AMERICANO DOS DOURADOS ANOS 50.

NAS TENDAS




Linho do Cuco

III

NONSÍ

Linho do Cuco viran cara a Europa central. Os sons populares galegos fusiónanse en *III* coa música do interior do continente, en cancións sempre baseadas en melodías orixinais. O grupo, formado por oito compoñentes, mestura os gustos e as experiencias de cada un sen vergoña e con habilidade, conseguindo unha ducia de temas que foxen dos clichés.

www.linhodocuco.com



Anxo Lorenzo

Tirán

ZOUMA

Acompañante habitual de diversos artistas de sona internacional, o moañés Anxo Lorenzo non lle fai ascos a case nada para adubar as súas cancións. Os temas de *Tirán* teñen a súa base na gaita, que Lorenzo domina coma moi poucos, pero introducen tamén elementos de pop, rock e jazz, e revelan o interese do seu autor pola exploración electrónica.

www.anxolorenzo.com



Emilio Rúa

Interior

PAI MÚSICA

O cantautor ourensán acaba de editar un disco gravado e mesturado nos estudos de Casa de Tolos e producido pola cantante galega Uxía e o músico brasileiro Sérgio Tannus. Rúa conta nesta ocasión coa colaboración de artistas como Luís Tosar, Guadi Galego, Toni Lomba, Quin Farinha, Marcos Teira ou Xosé Manuel Budiño para dar cor ás súas composicións intimistas.

www.emiliorua.es



Alvaro Vieito Cuarteto

Introducing...

FALCATRUADA

O guitarrista Álvaro Vieito, formado en escolas de Galicia e Nova York, rodéase dun elenco internacional de músicos para este disco de debut, que abre a colección Azos Jazz de Falcatruada. En *Introducing...* conta coas aportacións do tamén galego Max Gómez á batería, do xaponés Masahiro Yamamoto ao saxo e do estadounidense Ross Gallagher ao contrabaixo.

www.myspace.com/alvarovieito



Bellón Maceiras Quinteto

Folkfusión

ABADA

O disco novo dos novísimos Daniel Bellón (gaita) e Diego Maceiras (acordeón) funde o folk coas músicas do mundo, cunha banda (contrabaixo, percusión, saxo e guitarra) apoiando o talento dos dous promotores do proxecto. A improvisación, como é natural en dous grandes instrumentistas coma eles, é un dos eixos dunha gravación mestiza, como se presenta xa desde a súa curiosa portada.

www.bellonmaceiras.com



Nao

Coas túas mans

AUTOEDITADO

Os estradenses Nao confirman neste segundo longo a súa capacidade para fundir as guitarras de texturas máis brutais coa melodía. En *Coas túas mans*, a banda, amante do directo e dos decibelios, afeita a percorrer quilómetros e curtidura sobre as táboas, aposta polas letras combativas pero esperanzadas, e engade sons próximos ao pop ao seu habitual muro sonoro metaleiro.

www.myspace.com/somosnao




Ruxe Ruxe

Na fura de diante

AUTOEDITADO

Quince anos despois do seu primeiro concerto e con sete discos ás súas costas, a resistencia (e a influencia) dos Ruxe Ruxe é admirable. O grupo de punk-folk de Aríns (na periferia de Santiago de Compostela) quixo volver ao básico con *Na fura de diante*, un traballo gravado en Galicia e masterizado en Estados Unidos que reflicte mellor que ningunha das súas outras edicións o son directo da banda.

www.ruxeruxe.com



Saffron

Saffron

AUDIA RECORDS

O vocalista Arturo Álvarez, nacido en Galicia e con media vida no Canadá ás costas, rodéase de músicos de primeiro nivel desta parte do mundo para gravar os temas deste disco. Xente do nivel de Kin García, Alberto Conde, Cuchús Pimentel e Miguel Cabana reforza o periplo polo jazz, o funk e o *rhythm and blues* de Álvarez, no que se poden percibir influencias da música do país no que naceu.

www.audiarecords.es



Ophiusa
Sen planeta

LEILEAR

Gravado coa liberdade que dá ter estudio propio, *Sen planeta*, o segundo disco de Ophiusa, é, en palabras dos seus autores, “unha metáfora case dadaísta”. Os composteláns xogan e proban sons e estruturas, e fedellan con sintetizadores analóxicos e secuenciadores para mesturalos con instrumentos máis propios do folk, apostando pola electricidade e o eclecticismo.

www.ophiusa.org



Niño y Pistola
Arthur and the writers

ERNIE PRODUCCIONES

Baseado, segundo contan eles mesmos, nun libro de poemas escrito por un amigo falecido, o novo disco de Niño y Pistola leva ao grupo de Baiona por conceptos distintos e sons marca da casa. “Unha humilde ópera rock”, din, chea de cancións memorables, cada vez máis americanas que británicas, dunha banda que lle ten collida a medida ás costuras da canción perfecta.

www.ypistola.com

O DISCO QUE ME CAMBIOU A VIDA

‘Salve’

(LA POLLA RECORDS). Oihuka, 1984

Por VITUCO NEIRA



ILUSTRACIÓN: PACHU M. TORRES

Foron moitos os discos que me axudaron a entender a música como a entendo hoxe en día. Podería falar do *London calling* (CBS, 1979) e o pouco punkis que me pareceron os The Clash naquela primeira escoita en casete... e do moito que mo pareceron despois, co paso dos anos e co pouso que deixa ese gran disco-escola no que abofé se converteu. Ou falar do *Red roses for me* (WEA International, 1984) dos The Pogues, que me regalou un colega e que mudou para sempre a miña idea de montar un grupo de rock, no que obrigatoriamente os instrumentos de corte tradicional serían os grandes protagonistas.

Ou podería falar tamén daquela primeira “arroutada diplomática” que me enrolou

para sempre na “tropa da tralla”, que tan ben se entendía e tanta forza e semente nos deixou para os que malamente viñamos detrás. E tamén, como non, sendo adolescente nos oitenta, os primeiros discos de Siniestro Total que nos mostraban que xa podiamos dicir calquera cousa nas cancións, e que por riba tiñan temas que molaban a saco.

Primeiras experiencias

Podo nomear aos Ramones, a Bowie, a Johnny Cash, a Dylan e a un cento de músicos máis con moita sona e *glamour*... pero se vos son sincero, e coido que cómprese, o disco que realmente me deixou tocado da cachola nas miñas primeiras experiencias sonoras foi o *Salve* de La Polla Records. Cantas voltñas

deu no meu loro aquela cinta. Cantas veces gocei das palabras cuspidas por Evaristo dicindo todo aquilo tan alto e tan clariño. “Voy arrastrando mi decepción de un escenario a otro escenario”, ou “la cosa tiene su gracia, iya tenemos ídolos!”.

Tres acordes e un feixe de verdades. Cancións ensanguentadas de realidade e crítica. Á súa maneira, con toda a retranca do mundo, con actitude e enerxía. Rock feito como lles saía do carallo e falando do que lles saía do carallo.

Salve, de La Polla Records, é un auténtico discazo. Vouno escoitar de novo estes días. Punk, moi punk!

VITUCO NEIRA É GUITARRISTA E CANTANTE DE RUXE-RUXE, QUE ACABAN DE EDITAR O SEU SÉTIMO DISCO, ‘NA FURA DE DIANTE’.



A SALA

PUB GATOS

RÚA GALICIA, 21. MELIDE | WWW.PUB-GATOS.COM

“Virán tempos mellores. Ao mellor hai que especializarse algo máis en determinados estilos, pero iso son estudos para os sociólogos, e eu penso seguir aquí facendo amigos e gozando da música en directo”. Con esta esperanza fala Nani Neira, responsable do Pub Gatos, en Melide. Esta localidade coruñesa é un punto curioso do mapa das salas de Galicia: con 8.000 habitantes hai polo menos tres negocios do ramo. A Sala 600 e A Fundación, ambas as dúas incluídas tamén na Rede Galega de Música Ao Vivo da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) completan a oferta que empezou o Gatos no 1997.


“Daquela só había unha cervexaría que traía algún grupo de vez en cando”, recorda Neira, que empezou facendo un concerto ao mes para despois ampliar a pro-

gramación ás aproximadamente cincuenta citas anuais nas que se move hoxe. Nestes trece anos, calcula, pasaron polas táboas do Gatos “uns 350 grupos, principalmente de Galicia, pero tamén de México, Estados Unidos, Alemaña, Suíza, Inglaterra, Portugal, Italia...”. A heteroxeneidade de linguas e procedencias é algo que lle gusta especialmente: “Unha vez viñeron uns italianos, e empezamos a falar inglés tipo sioux, eu polo menos. Pero pouco a pouco fomos entendendo que eles comprendían perfectamente o galego!”.


Claro que, para confusións, as que provoca internet: “Recordo uns portugueses que se chamaban igual que outros dous grupos, tamén de Portugal. Eu busquei na rede información para facer promoción, e anuncieinos dicindo que facían reggae,

confundíndoos con outros. E resulta que facían noise, unha cousa tipo Queens of the Stone Age, totalmente instrumental, sen dar palabra nin deixar de tocar en tres cuartos de hora! Non pararon nin para beber, nin para mexar nin para fumar!”.

O mellor, explica Nani Neira desvelando as súas tendencias roqueiras, “é a amizade que me queda con moitos grupos, como Ith, Los Puta, Ruxe Ruxe, Robin de los Estercoleros, Maggot Brain, Los Nerds, Daze of Dawn”. E pese a que a competencia, a crise e o cambio de gustos do público fan que, segundo apunta, o público sexa menos numeroso e máis difícil de predicir, el asegura que mira para adiante: “Aquí pasáronme moitas anécdotas, moitos momentos bos e moi poucos malos. Hai que seguir motivados!”.



www.musicaovivo.info



Rede Galega de música ao vivo

2010

PROGRAMACIÓN
CARLOS HUMBERTO
DÍAZ PÉREZ
www.musicaovivo.info

SALAS:

A Fundación
A Regueifa
Ache
Aturuxo
Auriense Café Cultural
Badulake
Bar Liceum
Baranda
Borriquita de Belém
Café-Cultural Roi Xordo
Casa das Crechas
Catro Camiños
Clandestino
Clavicémbalo
Contrabajo
Disco-Club Capital
Doble Moral
El Ensanche
El Otro Caimán
Forum Celticum
Garufa
Jazz Filloa
Jazz Vides
La Casa de Arriba
La Fábrica de Chocolate
La Galeríajazz
La Iguana Club
Marrucho
Náutico
O Con do Moucho

Planeta

Pub d'Antón Rock Café
Pub Gatos
Pub O Muíño
Sala 600
Sala Karma
Sala Run Rum
SalaSon
Sama Sama
Ultramarinos
Vagalume Café Concerto
Zona Zero

BANDAS:

12 Labirinto
3Azoteas
7 Puertas
A Tuna Rastafari
Abril Fado Atlántico
Aíd
Alberto Pérez
Aló Django
Animales Domésticos
Austria
Bakin' Blues Band
Baldosa Amarilla
Balea's Blues Quintet
Bastards on Parade
Belöp
Bruno T. Ford
Capitán Furilo

Caraba

Cats and Monkeys
Coanhadeira
Coll y Costa (de Los Reyes del K.O.)
Cró!
Dakidarría
Doc Magoo's
Doctor Gringo
Doctor Snob
Dúo Fernández & Quintá
Edu Manazas & Whiskey Tren
Gustavo Almeida & Brazilian Night
Holywater
Igloo
Ith
Jazzeros Inoxidables
Jerez-Texas
José Córdoba (antes Chivi)
José Luis Pardo & The Mojo Workers
Jugoplastika
Les Trois de Cora
Litanei
Los Eternos
Los Mecánicos
Machina
Martynez
MBM
McManus
Miguel Costas
Miñor Swing
Misquious

Mitocondrias

Monkillos
Moon Cresta
Moonjackets
Nadadora
Nouvelle Cuisine
O Sonoro Maxín
Oh Trío
Pacífico
Por Placer
Portrait
Recambios Tucho
Riff Raff
Rockers Go to Hell
Sergio Makaroff
Som do Galpom
Stereotipos
Sugar Mountain
Supersandwich
Tea
Telma y los Luises
The Cherry Boppers
The Homens
The Last Minute Experience
The Soul Jacket
The Turre's Band
The W.C. Garcia Show
TiempoCuatro
Why Go
Xan Campos Trío
Zênzar

